No Salnés, xa foron distribuídos un total de 220 composteiros entre outras tantas vivendas. En todos os casos, os concellos tamén seguen un protocolo de actuación previamente definido por Sogama. Esta metodoloxía pretende garantir o éxito da iniciativa e, polo tanto, alcanzar os maiores beneficios ambientais, económicos e sociais ligados a esta práctica ambiental.

[SUBIR](#)

### Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

### Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

### Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

### Multimedia

### Eventos

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade



Envases tipo que se depositan no contenedor amarelo

## Aumenta en Europa a reciclaxe de envases de aluminio

**No ámbito do aceiro, España é un dos grandes líderes da recuperación deste material, compartindo protagonismo con Italia e Alemaña.**

A reciclaxe de envases de aluminio para bebidas aumentou en Europa un 1,5 por cento en 2012, alcanzando unha taxa de recuperación próxima ao 70 por cento e incorporando ao circuito comercial 390.000 toneladas de material co que se fabricaron 27.500 millóns de latas. Segundo a Asociación Europea do Aluminio (EAA), esta cifra constitúe un fito importante no camiño a seguir para alcanzar os obxectivos de reciclado de latas de bebidas establecidos para os anos 2015 (75 por cento) e 2020 (80 por cento).

As latas recollidas selectivamente na contorna comunitaria evitaron a emisión de máis de 3,12 millóns de toneladas de gases de efecto invernadoiro ou, o que é o mesmo, a cantidade que emiten anualmente ao redor de 340.000 cidadáns (poboación de cidades como Florencia, Cardiff ou Alicante).

Os beneficios ambientais da reciclaxe do aluminio son múltiples xa que non existe

límite ao número de veces que se pode fundir e reutilizar, ademais de ser unha práctica en sintonía co concepto de economía circular.

### As cifras en Sogama

Entre 2011 e 2014, Sogama remitiu aos centros recicladores 1.364 toneladas de aluminio: 385 procedentes da planta de clasificación de envases lixeiros, onde se recepcióna a bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks) e 979 da bolsa negra (lixo en masa).

No que respecta ao aceiro, tamén no ano 2014 Sogama enviou á industria recicladora preto de 15.332 toneladas. O material procedía, por unha banda, da planta de clasificación de envases lixeiros e, por outro, da planta na que se procesa o lixo en masa no complexo.

A nivel estatal, a industria siderúrxica reciclou nese mesmo período 10,6 millóns de toneladas de chatarra, situándose, segundo a UNESID (Unión de Empresas Siderúrxicas), entre os sectores españois con máis volume de recuperación e reutilización de materiais. Así, o noso país é xa un dos grandes líderes da reciclaxe de aceiro en Europa, xunto con Italia e Alemaña. A previsión para o 2015 é que se incremente a demanda deste material por parte dos principais consumidores: a construción e o automóbil.

## Entrevistamos a...

**Isidro García Téllez**  
Director General de Sogama

**Ariadna Santana**  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade

## Eurostat certifica a crecente aposta pola valorización enerxética en 2013

O incremento medio tradúcese en 2 puntos, véndose reducido o uso do vertedoiro nun 3 por cento. Pola súa banda, a reciclaxe sobe 1 punto e a compostaxe industrial mantense no 15 por cento.

A valorización enerxética da parte non reciclable dos residuos urbanos incrementábase en Europa en 2 puntos porcentuais. Así se recolle nas estatísticas publicadas recentemente por Eurostat relativas a 2013. No documento indícase que este tratamento finalista sobe do 24 ao 26 por cento, véndose reducido o uso do vertedoiro nun 3 por cento.

Nos países máis avanzados seguen a constatare altas taxas de valorización enerxética (Bélxica, Dinamarca, Austria, Finlandia, entre outros). No caso de Holanda, Alemaña e España, a pesar de

manterse o índice, o vertido dispárase ata o 60 por cento, malia que, respecto ao 2012, baixou en 3 puntos.

Non obstante, cabe dicir que no noso país constátase un aumento da reciclaxe, pasando do 17 ao 20 por cento, do mesmo xeito que en Suecia, Alemaña e Holanda. Respecto da compostaxe industrial, mantense na Unión Europea nun 15 por cento, e a xeración de residuos, minórase en 11 puntos como media (pasa de 492 quilos por habitante a 481).

### Cinco anos de bos resultados

No caso de Sogama, e en relación ao período 2009-2014, a maior eficiencia do complexo medioambiental de Cerceda permitiu incrementar nun 12,74 por cento os refugallos tratados no mesmo, minorándose nun 46,6 por cento as cantidades de lixo desviadas ao vertedoiro da Areosa. Pola súa banda, a produción de enerxía na Planta Termoeléctrica subiu un 11,28 por cento e na de Coxeración, un 18,75 por cento.

## Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

SUBIR

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade

## “Separemos ben, reciclaremos mellor” está a formar este mes en boas prácticas a máis de mil escolares

Ademais de capacitalos para aplicar de forma correcta o principio dos tres erres, os rapaces poderán transmitir os seus coñecementos ao seu círculo de familiares e amigos.



O Conselleiro de Cultura durante a súa visita ao stand da iniciativa

A terceira edición da campaña autonómica “Separemos ben, reciclaremos mellor 2014-2015” afronta este mes o seu tramo final prevendo formar a preto de 1.000 escolares nas boas prácticas vinculadas á reciclaxe. Finalizado maio, serán máis de 27.400 os escolares adscritos a esta iniciativa desde outubro de 2014. O obxectivo final é que, ademais de capacitalos para colaborar activamente no sistema, leven a cabo unha tarefa educativa na súa contorna familiar.

Ademais das visitas aos colexios, a campaña autonómica da reciclaxe desprázase

a numerosos eventos ao logo do territorio galego. O pasado 24 de abril, o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, acompañado polo Presidente de Sogama, Javier Domínguez, visitou o stand corporativo emprazado na sede da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), en Santiago de Compostela, con motivo da celebración dunha xornada do Plan Proxecta para profesores.

### Percorrido da aula móbil

A aula móbil tamén estivo presente noutros eventos por toda Galicia como foron o círculo de carreiras populares “Corre con nós”; no evento solidario “Marzo Saúde”, en Castroverde; e nos municipios de Chantada (Lugo), San Cristovo de Cea (Ourense), e dando unha charla aos veciños de Porriño (Pontevedra).

“Separemos ben, reciclaremos mellor” é unha campaña promovida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Sogama, co obxectivo de incrementar as taxas de reciclado en Galicia. Na mesma participan igualmente Ecoembes, Ecovidrio e os sistemas integrados de xestión de pilas (Ecopilas, Ecolec e ERP).

### Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de “The Fairy  
Storyteller Productions”

### Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

### Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Convocados os premios do “Recíclate con Sogama 2014-2015”

Cheo de visitas en abril

### Multimedia

#### Eventos

#### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade



## Intensa recta final para o "Recíclate con Sogama"

As primeiras caracterizacións evidencian a boa selección de residuos en orixe por parte dos alumnos dos 13 centros de ESO participantes nesta edición 2014-2015. Tras identificar e corrixir os erros, os monitores realizarán a segunda caracterización neste mes de maio e principios de xuño.

Inmersos xa no último tramo do curso académico 2014-2015, e tras analizar os datos recompilados durante os últimos meses nos 13 centros de ESO adscritos ao programa "Recíclate con Sogama", a empresa amósase satisfeita cos resultados provisionais acadados.

As primeiras caracterizacións das illas de reciclaxe evidencian a baixa presenza de impropios e, polo tanto, a boa selección dos residuos en orixe. A maior confusión preséntase no contedor amarelo, que en moitos casos asóciase a todo tipo de plásticos e non unicamente aos envases e envoltorios.

Tras identificar e corrixir os erros, os monitores realizarán a segunda caracterización neste mes de maio. Sogama confía en que, con toda seguridade, se mellorarán os resultados, acreditando as plenas competencias do alumnado para levar a

cabo unha correcta recollida selectiva do lixo depositado nas illas de reciclaxe.

### Premios

Co fin de curso á volta da esquina, os promotores de "Recíclate con Sogama" tamén lanzaron a convocatoria dos premios escolares correspondentes a este curso. As candidaturas deberán ser presentadas, a través da Plataforma do Plan Proxecta, antes do próximo 15 de xuño. Establécense tres premios dotados con vales de 500, 300 e 150 euros canxeables por material escolar, contemplando igualmente accésits.

A avaliación dos proxectos correrá a cargo dun xurado presidido polo máximo responsable de Sogama, Javier Domínguez Lino, e no que actuará como vicepresidente o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Manuel Corredoira López.

### Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

### Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

### Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Cheo de visitas en abril

### Multimedia

### Eventos

### Recetario

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Actualidade

## Calendario de visitas completo en abril

As visitas ao complexo industrial incrementáronse en máis dun 90 por cento con respecto ao mesmo mes de 2014.

292 visitantes en abril de 2014, 556 en abril de 2015. Este notable aumento responde ao cada vez maior interese que ten a poboación por coñecer *in situ* a actividade de Sogama, consciente do enriquecemento, tanto persoal como escolar e profesional, que esta experiencia trae consigo.

Cada visita é personalizada para atender as necesidades específicas dos grupos. Foi o caso, por exemplo, dos alumnos da Escola de Relacións Laborais da Coruña que solicitaron información sobre o convenio colectivo que rexe para os traballadores das firmas subcontratistas que operan nas instalacións de Sogama.

En total, 15 colectivos universitarios de distintos perfís académicos e centros educativos de primaria e secundaria compararon o calendario de visitas en abril. De feito, en máis da metade das xornadas laborais do pasado mes houbo algunha saída didáctica polo complexo industrial de Cerceda.

### Enquisa final

Tras finalizar o percorrido, os visitantes valoraron de forma moi positiva o labor desenvolvido pola empresa pública, que concentra a xestión e o tratamento dos residuos urbanos producidos na maior parte do territorio galego.



Todas as fotos das visitas poden verse en [www.sogama.es](http://www.sogama.es)



[Ver fotos das visitas ás instalacións](#)

## Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

## Multimedia

## Eventos

## Receitario

SUBIR

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)





# Multimedia

## Planeta Verde: Vamos no Bilibús á cidade!



A nosa familia galáctica máis querida, os Trebón, collen o autobús ecolóxico do profesor Uxío para facer unha visita á caótica cidade. Alí comprobamos como o transporte colectivo é a mellor opción para evitar atascos e contaminar menos. Cando van relaxarse ao parque, tamén se dan conta do importante que é separar os residuos e o sistema de recollida do lixo para manter habitables e limpas as urbes e as vilas.

Ver vídeo...



## Oito novas fichas divulgativas para 3º ciclo de primaria

Todas as unidades didácticas están disponibles na web educativa [www.cadernoverde.com](http://www.cadernoverde.com), xunto coas unidades dirixidas a infantil, primeiro e segundo ciclo de primaria.

A plataforma educativa de Sogama "Caderno Verde" incorporou este ano un total de oito unidades didácticas orientadas aos alumnos de 3º ciclo de primaria. En concreto, utilizando o medio ambiente como materia transversal, os rapaces poden revisar temas como "A electricidade", "Medidas de capacidade", "Inglés", "Fraccións", "A lingua

galega na prensa", "Diferenza entre b e v, en lingua galega" ou "Coñecemento do medio: alimentación e máquinas".

Todas as unidades didácticas están dispoñibles na web educativa [www.cadernoverde.com](http://www.cadernoverde.com) xunto coas dirixidas aos ciclos de infantil, primeiro e segundo ciclo de primaria.

SUBIR

## Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Multimedia



## Sogama, no peto

A nova aplicación para móbiles permite achegarse con só clic ao traballo da empresa pública.

Os móbiles intelixentes son un dos dispositivos TIC (tecnoloxías da información e da comunicación) máis empregados. Consciente desta tendencia social, Sogama lanzou a finais de 2014 unha aplicación gratuíta para smartphones Android e IOS (iPhone).

A través desta app, os cidadáns poden informarse dunha forma cómoda e próxima sobre a correcta separación das distintas fraccións de residuos e contedor de destino das mesmas. Que mellor forma de resolver unha dúbida que no mesmo momento que xorde!

A maiores, dispón de dúas funcionalidades. Por unha banda, o apartado "Sabías que..." con datos e curiosidades en materia de medio ambiente; e pola outra, un xogo no que se debe identificar o refugallo que aparece en pantalla e o contedor no que debe ser depositado.



SUBIR

## Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

## Eventos

## Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### A iniciativa Coge3 leva ás aulas a grave problemática da contaminación mariña

A iniciativa medioambiental Coge3 dirixe, co apoio de Sogama, unha campaña de concienciación en materia de residuos a preto de medio cento de centros educativos. O obxectivo é que os escolares tomen conciencia da problemática que, a día de hoxe, representa o lixo que acaban nos océanos para que participen na súa correcta xestión.

No marco do programa "Súbete á onda de Coge3", e baixo o lema "Pequenas accións, grandes resultados", os promotores contemplan a realización de charlas en colexios con exposicións de fotos e presentacións multimedia, así como talleres e xornadas de limpeza de praias, carreiros e ríos. Como colofón, incluírán unha actividade lúdico-deportiva de padle surf.

Coas distintas actuacións executadas ata o momento, Coge3 calcula que retirou



máis de 4,00 toneladas de lixo das praias; pero, máis aló das tarefas de recollida, quere chegar á orixe do problema, de aí que considere esencial o labor educativo, comezando polos máis pequenos.

Unirse a Coge3 é moi sinxelo: só hai que coller 3 residuos, sacarles unha foto e compartila nas redes!

 <https://www.facebook.com/coge3>

 <https://twitter.com/Cogetres>

### V Concurso fotográfico "Cervo Respecta 2015"

Un ano máis, Sogama colabora na V Edición do Concurso Fotográfico de Medio Ambiente "Cervo Respecta 2015". Un xurado formado por profesionais será o encargado de avaliar os traballos achegados, procedéndose á entrega de premios o Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).

O obxectivo desta iniciativa non é outro que contribuír a sensibilizar á poboación en torno á necesidade de preservar a contorna natural como garantía de saúde e benestar. De feito, os participantes deben someterse ao cumprimento dun Código Ético co que se pretende garantir a mellor relación dos fotógrafos da natureza (aficionados e profesionais) co medio am-



biente, evitando así posibles accións irregulares. Para máis información consultar: [www.aefona.org](http://www.aefona.org).

SUBIR

### Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

### Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

### Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



## Eventos

### “Un partido polo planeta”, en Burela e Ferrol

O xogo xigante de Sogama “Un partido polo planeta” viaxou recentemente ao concello de Burela e á Aula de Ecoloxía Urbana de Ferrol. No municipio da Mariña lucense, a visita ás asociacións municipais estivo coordinada polo Centro de Educación Medioambiental GAIA.



Con esta iniciativa lúdica, Sogama pretende poñer de relevo a problemática que ocasiona a elevada xeración de refugallos e as posibilidades para o seu reciclado.

Ademais de promover a correcta xestión do lixo, esta ferramenta formativa e divulgativa tamén fomenta a interiorización

de valores tales como o compañeirismo, a complicidade, a empatía, a competitividade (entendida como afán de superación), a diversión, a convivencia, o respecto e a solidariedade. O xogo está pensado para nenos, pero tamén poden participar adultos.

### Efemérides medioambientais

O segundo trimestre do ano deixounos un calendario de efemérides para recordar que debemos respectar a contorna na que vivimos porque da boa calidade do medio depende tamén a nosa vida.

O domingo, 22 de marzo, celebrouse o **Día Mundial da Auga** baixo o lema “Auga e desenvolvemento sostible”. Sen dúbida, foi unha data para recordar a necesidade de facer un uso sostible e racional deste recurso finito, xa que a auga apta para o consumo humano é moi pequena.

O sábado, 28 de marzo, as luces de monumentos emblemáticos apagáronse en sinal de loita contra o cambio climático no marco da novena edición da **Hora do Planeta**. Esta é, probablemente, a maior campaña global de mobilización na materia organizada e promovida por WWF desde 2007. Ás 20:30, hora local, escúrecéronse edificios simbólicos en todo o mundo tales como a Torre Eiffel, a Sagrada Familia, as Pirámides de Gizé,... e en Galicia, a Torre de Hércules na Coruña. En España participaron na iniciativa 260 cidades. O evento alcanzou este ano especial repercusión, xa que o próximo mes de decembro, os gobernos de todo o mundo daranse cita en París co obxectivo de aprobar un acordo a favor do clima e evitar así os peores impactos ecolóxicos, económicos e sociais.

A inocuidade dos alimentos, foi o tema central do **Día Mundial da Saúde** o pasado 7 de abril. Nesta edición, a efeméride puxo a súa mirada nos alimentos, toda vez que dous millóns de persoas, na súa maioría nenos, morren cada ano por inxerir comida insalubre, sendo ademais orixe de ao redor de 200 enfermidades.

#### Iniciativa da NASA

Cara a finais do mesmo mes, o 22 de abril conmemorouse o **Día da Terra**. A xornada foi promovida no seu momento polo senador estadounidense e activista ambiental Gaylord Nelson, coa pretensión de que o mundo tomase conciencia en torno aos problemas vinculados á superpoboación, a contaminación e a conservación da biodiversidade. Con motivo do Día da Terra, a [NASA](#) invitou á poboación de todo o mundo a compartir nas redes sociais os vídeos e fotografías dos seus lugares favoritos baixo a etiqueta #NoPlaceLikeHome (non hai lugar coma o fogar).

Cinco días máis tarde, o último mércores do mes (29 de abril) celebrouse o **Día Internacional da Concienciación sobre o Ruído**, unha data coa que se pretende alertar aos cidadáns sobre os seus perigos desde 1996. É o caso, por exemplo, de trastornos físicos, perda de audición ou desequilibrios psicolóxicos, dando a coñecer as diferentes formas de atenuación.

### Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

Ariadna Santana  
Directora e actriz de “The Fairy Storyteller Productions”

### Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

### Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica “Separemos ben, reciclaremos mellor”

Convocados os premios do “Recíclate con Sogama 2014-2015”

Cheo de visitas en abril

### Multimedia

### Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)



# Receitario

## Concurso "Aproveítate do que che sobra": receita de empanada de polbo feita na tixola

Sabías que as empanadas tamén se poden facer na tixola? María del Carmen Mouzo Méndez, de Vimianzo (A Coruña), enviounos esta saborosa e sorprendente receita na que aproveita un ovo cocido e o polbo sobrando da caldeirada. Non che parece unha boa solución para aproveitar as sobras de comida!

A preparación da vimiancesa foi, ademais, candidata ao concurso enmarcado na campaña "Aproveítate do que che sobra", que podes consultar na web [www.aproveitadedoquechesobra.es](http://www.aproveitadedoquechesobra.es).

Se te animas a preparar a receita, cónstanolo no noso [Facebook](#) ou [Twitter](#)!

## Empanada de polbo feita na tixola

Nivel de  
dificultade: 1 2 3

### CANTIDADES E INGREDIENTES: Para a masa

- 450 gramos de fariña
- 1 ovo
- 1 culleradiña de sal
- 1 sobre de fermento de panadería
- 2 culleradiñas de aceite
- Auga morna

### Para o recheo

- 300 gramos de polbo
- 2 cebolas medianas
- Aceite de oliva virxe
- 3 pementos de piquillo
- 1 ovo cocido
- 1 culleradiña de pemento doce



### ELABORACIÓN

#### Masa

- Nunha cunca peneiramos a fariña e engadimos o sal, mesturamos e de seguido, botamos o fermento.
- Facemos un covo no medio da fariña, rompemos o ovo, engadimos o aceite e mesturamos o ovo mailo aceite.
- Engadimos un pouco de auga morna e amasamos ben.
- Deixamos repousar unha hora máis ou menos.

#### Recheo

- Nunha cazola con tapa, poñemos un bo chorro de aceite. Cando estea quente, engadimos a cebola picada e deixamos refogar a lume lento e coa tapa posta. Vixiamos de cando en vez e remexemos para que non se pegue.
- Cando a cebola estea tenra, engadimos os pementos do piquillo picados moi miúdos. Cociñamos a lume lento e cando a cebola empece a coller cor, engadimos o polbo cortado en anacos pequenos e deixamos facer outro pouco. Retiramos e esperamos a que o compago amorne para engadir o pemento doce e mesturar ben.

#### Cocción

- Unha vez a masa teña dobrado o seu volume, cortámola en dous anacos, un máis grande có outro. O máis grande untámolo cun pouco do aceite do recheo, estirámolo na tixola, repartimos sobre el o recheo e o ovo cocido picado.
- Estiramos o anaco pequeno de masa e colocámola enriba, pechando polas beiras. Dámoslle a volta con coitado e picamos cun garfo.
- Estiramos o anaco pequeno de masa e colocámola enriba, pechando polas beiras. Dámoslle a volta con coitado e picamos cun garfo.

SUBIR

## Entrevistamos a...

Isidro García Téllez  
Director General de Sogama

## Ariadna Santana

Directora e actriz de "The Fairy Storyteller Productions"

## Mundo Sogama

As emisións de Sogama sitúanse por debaixo dos límites legais

## Actualidade

Mellora do sistema de xestión de pluviais do complexo

Encontro de traballo transfronteirizo para coñecer o complexo industrial de Lipor (Portugal)

Finalizan os cursos on line para a Garda Civil e o profesorado de secundaria

Compostaxe doméstica en sete concellos da provincia de Pontevedra

Incremento da reciclaxe de latas e aluminio en Europa

Datos do Eurostat 2013

Recta final para a terceira edición (2014-2015) da campaña autonómica "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Convocados os premios do "Recíclate con Sogama 2014-2015"

Cheo de visitas en abril

## Multimedia

## Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



[www.sogama.es](http://www.sogama.es)

